

## **RESTAURANTE FAMILIA**

Fai unha tempada abriu un novo restaurante na cidade, o **Restaurante Familia**, un nome moi chamativo e bastante descriptivo, xa que era un restaurante dos típicos aos que vas coa túa familia.

A nosa primeira visita a ese restaurante foi na inauguración. A comida estaba moi boa, pero o que mais destacou foi a salsa. Nunca probara ningunha salsa que soubese igual, tiña un sabor estrano, pero moi adictivo. Tiña unha cor branquecina, case coma a maionesa, pero con tonos vermellos.

Despois dunha semana, por una estrana razón, tiñamos unha necesidade imperiosa de probar esa salsa outra vez, e volvimos. Pedimos unhas hamburguesas con patacas e moita salsa. Cando nos entregaron a nosa comida o primeiro que fixemos foi botarlle salsa a todo: á carne, ás patacas... Cando entrou a hamburguesa na miña boca recibín unha explosión de sabor no meu padal, e o mesmo lles pasou aos meus pais. Cando nos chegou a conta preguntámoslle ao dono do restaurante que salsa era esa, ao que el simplemente nos contestou: “é unha receta **familiar**”; esa descrición non podería ser máis imprecisa.

Enterámonos despois duns días, cando quixemos de novo voltar alí, que cerraran o restaurante.

ALFONSO REGUEIRO FONTENLA, 15 ANOS – BETANZOS, 26 DE OUTUBRO DE 2022